

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO
PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DUN PROVEDOR QUE
EXECUTE O ESTUDO SOBRE AEROPORTOS GALEGOS - FOEXGA 2009**

Cláusula 1ª. Antecedentes

Cláusula 2ª. Obxecto do contrato

Cláusula 3ª. Orzamento

Cláusula 4ª. Natureza e forma da contratación

Cláusula 5ª. Publicidade

Cláusula 6ª. Capacidade xurídica

Cláusula 7ª. Presentación de proposicións

Cláusula 8ª. Requisitos das proposicións

Cláusula 9ª. Contido: documentación xeral

Cláusula 10ª. Contido: proposta técnica e económica

Cláusula 11ª. Órgano competente

Cláusula 12ª. Apertura das proposicións

Cláusula 13ª. Valoración das proposicións presentadas

Cláusula 14ª. Adxudicación do contrato

Cláusula 15ª. Obrigas do licitador

Cláusula 16ª. Formalización do contrato

Cláusula 17ª. Prazo de execución

Cláusula 18ª. Cumprimento do contrato

Cláusula 19ª. Confidencialidade e protección de datos

Cláusula 20ª. Propiedade intelectual

Cláusula 21ª. Normas aplicables

ANEXO I. Prego de Prescricións técnicas

ANEXO II. Modelo de presentación de oferta

ANEXO III. Modelo de oferta económica

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DUN PROVEDOR QUE EXECUTE O ESTUDO SOBRE AEROPORTOS GALEGOS - FOEXGA 2009

CLÁUSULA 1ª. ANTECEDENTES

Desde 1992 as nove Cámaras de Comercio de Galicia e a Xunta de Galicia subscriben un convenio de colaboración para apoiar a promoción e a internacionalización das empresas galegas, incentivando o desenvolvemento de estratexias que contribúan ao seu dimensionamento e capacidade no mercado internacional.

Estes convenios abranguen o desenvolvemento de actuacións como misións comerciais directas a países estranxeiros, participación en feiras no exterior, visita a feiras no exterior, misións comerciais inversas, encontros empresariais, etc.

No marco destes convenios anuais contéplase unha partida presupostaria para a realización dun estudo sobre os aeroportos Galegos, que contemple os aspectos industrial e comercial dos mesmos, como elementos indispensabeis para a mellora da competitividade da empresa galega.

No marco do convenio firmado polas nove Cámaras e pola Consellería de Economía e Industria, con data 8 de outubro de 2009 contéplase a realización dun Estudo sobre os aeroportos galegos; que lle corresponderá contratar e executar á secretaria técnica do FOEXGA, (Cámara de Comercio de Santiago) ao abeiro do FOEXGA .2009.

CLÁUSULA 2ª. OBXECTO

O obxecto do presente procedemento consiste na contratación dun único provedor que defina, deseñe, execute e realice un estudo sobre os aeroportos, da nosa Comunidade Autónoma.

O número de expediente que corresponde ao contrato é
COCINCOMPOSTELA-01-2009.

CLÁUSULA 3ª. ORZAMENTO

O presente contrato ten un orzamento máximo de 60.000 €, IVE incluído.

Non se admitirán as ofertas que superen o dito orzamento.

CLÁUSULA 4ª. NATUREZA E FORMA DA CONTRATACIÓN

O presente contrato ten natureza privada, pero se rexerá en canto a súa tramitación e adxudicación pola Lei 20/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

CLÁUSULA 5ª. PUBLICIDADE

O presente procedemento de contratación anunciarase no Perfil do Contratante da Cámara Oficial de Comercio de Santiago, onde estarán dispoñibles os pregos que rexen o procedemento.

CLÁUSULA 6ª. CAPACIDADE XURÍDICA

Poderán participar no presente procedemento as persoas naturais ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que teñan capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económica, técnica ou profesional e non estean afectadas por ningunha das prohibicións para contratar establecidas na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

As empresas licitadoras deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus estatutos ou regras fundacionais. Así mesmo deberán dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a súa debida execución.

Do mesmo modo, esixirase que se atopen de alta no Imposto de Actividades Económicas e estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A concorrencia destes requisitos demostrárase mediante a realización dunha declaración responsable, sen prexuízo de que a empresa seleccionada deberá presentar o último recibo do IAE, ou xustificación de estar exento, e as correspondentes certificacións expedidas polos organismos competentes.

CLÁUSULA 7ª. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións poderán presentarse no rexistro da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago (San Pedro de Mezonzo 44 baixo-15702 Santiago de Compostela) ata o 27 de novembro.

O horario de presentación de proposicións será de 8.30 a 14,30 h.

As proposicións poderán igualmente enviarse, dentro do mesmo prazo, por correo certificado á dirección indicada. Neste caso deberá xustificarse a data de imposición do envío e anunciar á Cámara tal circunstancia, no mesmo día de remisión da oferta, mediante telegrama ou fax (981 590322).

CLÁUSULA 8ª. REQUISITOS DAS PROPOSICIÓN

Cada empresa interesada só poderá presentar unha oferta, que deberá ser determinada e concreta, sen incluír opcións ou alternativas.

As proposicións constarán de dous sobres, pechados e asinados polo licitador. En cada un deles indicarase:

1. Referencia ao procedemento e número de expediente
2. Razón social, domicilio, CIF, dirección e números de teléfono e de fax do licitador para os efectos de notificacións e comunicacións
3. Finalmente, en cada un dos dous sobres deberá constar a seguinte mención:
 - No sobre nº 1 "DOCUMENTACIÓN XERAL" (contendo un xogo de documentación)
 - No sobre nº 2 "PROPOSICIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA" (contendo un exemplar en papel e outro en formato electrónico da proposta técnica)

A Cámara de Comercio de Santiago resérvase o dereito de esixir aos licitadores que presenten documentación que acredite a veracidade da información presentada nas súas proposicións, ou ben información adicional sobre o seu contido —sempre que sexa simplemente aclaratoria e non susceptible de ampliar, modificar ou substituír a proposta— estando o licitador obrigado a facelo.

En todo caso, a documentación presentada será orixinal ou copia de carácter auténtico conforme á lexislación vixente.

CLÁUSULA 9ª. CONTIDO: DOCUMENTACIÓN XERAL

O SOBRE Nº 1 deberá conter os seguintes documentos.

Documentos que acrediten a personalidade do empresario e a capacidade de contratar

- Cando se trate de empresarios individuais: Documento Nacional de Identidade.
- Cando se trata de persoas xurídicas: a escritura ou documento de constitución; os estatutos ou acta fundacional nos que consten o obxecto social e as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

- Documento Nacional de Identidade do firmante da proposición.
- Poder bastante ao seu favor, cando se obra en representación dunha persoa xurídica, que lle habilite tanto para a presentación da oferta como para a firma do contrato.
- Declaración responsable de que o ofertante non está incurso nas prohibicións de contratar previstas na Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público e de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social na data da presentación da oferta.

Documentos que acrediten a solvencia económica e financeira

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras.
- Declaración relativa á cifra de negocios anual dos servizos realizados polo licitador no curso dos tres últimos exercicios. Establécese, como criterio de selección, que a cifra consignada deberá ser igual ou superior ao importe da licitación.
- As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentalas deberán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

Documentos que acrediten a solvencia técnica

- Dossier cos principais servizos ou traballos realizados polo licitador nos últimos tres anos que inclúa importes, datas e clientes.
- Currículo detallando as titulacións académicas e a experiencia profesional dos empresarios e do persoal da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato. En concreto, considerase que para acreditar a solvencia do contratista, o equipo que se dedique especificamente á realización deste contrato deberá estar integrado, polo menos, por dous profesionais que teñan tres anos de experiencia na realización de traballos análogos aos indicados.
- Unha declaración que indique a media anual do cadro de persoal, con mención, no seu caso, do grao de estabilidade no emprego e no cadro de persoal directivo durante os tres últimos anos.
- Unha declaración do material, instalacións e equipo técnico de que dispoña a empresa para a realización do contrato.

CLÁUSULA 10ª. CONTIDO: PROPOSTA TÉCNICA E ECONÓMICA

O SOBRE Nº 2 deberá conter:

Proposta técnica

De acordo co recollido nas prescricións técnicas.

Proposta económica

A proposición económica será formulada de acordo co modelo que se xunta como Anexo III do presente prego.

Non poderá ser superior ao presuposto máximo fixado para o presente contrato e, en todo caso, entenderase que inclúe o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.

CLÁUSULA 11ª. ÓRGANO COMPETENTE

O responsable do procedemento de contratación será a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago.

O encargado de xestionar o procedemento e propoñer a selección de empresa será a Mesa de Contratación, que estará constituída de acordo co dítame do Comité Executivo da Cámara e presentará a este unha proposta de adxudicación.

De cada sesión da Mesa levantarase a acta correspondente pola Secretaria da Mesa.

CLÁUSULA 12ª. APERTURA DAS PROPOSICIÓNS

Rematado o prazo de recepción das proposicións, e previa constitución da Mesa de Contratación, esta reunirse para proceder —previamente á valoración das ofertas— a cualificación dos documentos presentados en tempo e forma polas empresas interesadas.

En primeiro lugar, procederase a apertura do SOBRE 1 de cada unha das proposicións presentadas e se cualificará a documentación achegada acordando a súa admisión ou rexeitamento razoado en función de se a devandita documentación cumpre ou non o establecido nos pregos.

De observarse defectos reparables nalgunha das ofertas, a Mesa comunicarao aos interesados, outorgándolles un prazo de 3 días hábiles para a súa

reparación baixo o apercibimento da súa exclusión definitiva se, nese prazo, non a leva a cabo.

Finalizado o trámite de reparación, de ser o caso, a Mesa procederá a apertura do SOBRE 2 das proposicións admitidas e iniciará, seguidamente, o estudo técnico e económico das proposicións admitidas que continuará en días sucesivos se fose preciso.

A Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do procedemento de contratación.

CLÁUSULA 13ª. VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓNS PRESENTADAS

As proposicións das empresas interesadas valoraranse, de CERO (0) A CEN (100) puntos, conforme aos criterios que se indican a continuación,

Criterios non económicos: ata 60 puntos

Asunto	Xustificación dos criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato
Contrato	
Procedemento de adxudicación	Negociado sen publicidade

Os aspectos de negociación de acordo cos que se determinará a oferta máis ventaxosa, expresados segundo criterios de adxudicación, de acordo coa ponderación atribuída a cada un deles, serán os seguintes:

CRITERIOS			Puntuación
1.	PROPOSICIÓN TÉCNICA		De 0 a 60 puntos
1.1	Especificacións técnicas e metodoloxía utilizada	De 0 a 20 puntos	
	Valorarase a tipoloxía dos estudos que se realizarán e a metodoloxía e fontes de información que se irán utilizar para elaboralos.		
1.2	Melloras propostas respecto dos mínimos establecidos no prego de prescricións técnicas	De 0 a 20	

	Valorarase a proposta de melloras que se introduzan no traballo coa finalidade de incrementar a súa calidade.	puntos
1.3	Equipo humano destinado á execución	De 0 a 10 puntos
	Valorarase o persoal que intervirá na execución do traballo (o seu número, categorías e funcións).	
1.4	Medios técnicos destinados á execución	De 0 a 10 puntos
	Valorarase os medios técnicos dos que se disporá para a execución dos traballos en función do seu número, tipo, calidade e adecuación.	
2.	OFERTA ECONÓMICA	
	A proposición que recolla a máxima mellora obterá a máxima puntuación e as restantes valorarase proporcionalmente, tendo en conta que o licitador que non presente mellora para este respecto obterá 0 puntos.	De 0 a 40 puntos
	TOTAL	De 0 a 100 puntos

De conformidade co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e artigo 28 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, aquela empresa que teña implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, tivera obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención), terá preferencia na adxudicación, sempre que a súa proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

No suposto de que unha vez aplicados os ditos criterios existisen dúas ou máis entidades con idéntica puntuación que, á súa vez, acrediten o especificado no parágrafo anterior, a adxudicación determinarase acudindo á puntuación acadada de acordo co segundo criterio sinalado no recadro anterior, resolvéndose a favor daquela que obtivera respecto del a máis alta. De persistir

o empate, acudirase á puntuación obtida respecto de cada un dos subcriterios sinalados no primeiro criterio e pola súa orde.

Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de negociación complementaria sobre aspectos concretos dos anteriormente relacionados, prevista na cláusula 7.3, cando a Administración así o estime conveniente.

XUSTIFÍCASE A UTILIZACIÓN DOS CRITERIOS SINALADOS con fundamento no seguinte:

1.- PROPOSICIÓN TÉCNICA

1.1.- Especificacións técnicas e metodoloxía utilizada:

É relevante, pola súa incidencia na consecución duns resultados axeitados, coñecer e valorar a tipoloxía dos estudos que se realizarán e a metodoloxía e fontes de información a utilizar para elaboralos.

1.2. Melloras propostas respecto dos mínimos establecidos no prego de prescricións técnicas.

Considérase un aspecto de importancia que permite establecer diferenzas cualitativas entre as eventuais propostas permitindo, se é o caso, que a administración dispoña duns mellores resultados.

1.3. Equipo humano destinado á execución:

É relevante, pola súa incidencia na consecución duns resultados axeitados, coñecer e valorar o persoal que intervirá na execución do traballo, o seu número, categorías e funcións.

1.4. Medios técnicos:

Tamén é relevante coñecer e valorar os medios técnicos dos que se disporá para a execución en función do seu número, tipo, calidade e adecuación.

2.- OFERTA ECONÓMICA

2.1 Prezo:

Aínda que polo tipo de procedemento (negociado sen publicidade) non é obrigatorio, respéctase o establecido no artigo 10.5 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, no que se recolle a regra xeral de que a ponderación do prezo como criterio de

adxudicación do contrato non sexa inferior ao 40 % da puntuación máxima que pode atribuírselles ás ofertas.

Por outra banda, tal como se reflicte, respéctase o establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia así como no Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

Polo tanto, o exame destes aspectos así como a súa cualificación permitirán a identificación da oferta economicamente máis vantaxosa para a Administración, sen prexuízo da eventual negociación sobre aspectos concretos dentro dos relacionados, á vista das propostas presentadas, cando así o considere a Administración.

Criterios económicos: ata 40 puntos

O prezo ofertado.

O criterio do prezo ofertado acreditarase pola simple expresión na oferta. O peso da valoración do prezo será do 40% asignándolle como máximo 40 puntos.

Para a valoración do prezo aplicarase a seguinte fórmula

$$P = \frac{X \times \text{Min}}{\text{Of}}$$

onde P é a puntuación obtida, X é a máxima cantidade de puntos que se poden obter neste apartado, Min a oferta máis baixa entre todas as presentadas e Of a oferta correspondente ao licitador que se valora.

CLÁUSULA 14ª. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Tras a análise da información facilitada e a súa valoración conforme ás cláusulas anteriores, a Mesa de Contratación elevará ao órgano de contratación unha proposta de adxudicación, na que se reflectirá a clasificación das propostas, por orde decrecente, atendendo aos criterios aos que se fixo referencia.

O acordo de adxudicación deberá adoptarse no prazo máximo de tres días hábiles desde a data de apertura das proposicións presentadas e será

notificado a todos os licitadores e publicado no Perfil do Contratante da páxina web da Cámara de Comercio de Santiago.

Ao mesmo tempo, requirirase á empresa seleccionada para que achegue os certificados administrativos que acrediten que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, tal como se indica na cláusula 6ª deste prego.

CLÁUSULA 15ª. OBRIGAS DO LICITADOR

1. O adxudicatario obrígase a cumprir os requisitos referidos no presente prego, no prego de prescricións técnicas e no contrato.
2. Os dereitos de Propiedade Intelectual que se deriven do contrato pertencerán en exclusiva a Cámara de Comercio de Santiago e, como tal, os dereitos de uso, reprodución, transformación, distribución, comunicación pública e posta a disposición en calquera soporte, formato ou idioma.
3. O adxudicatario comprométese a non ceder, subarrendar nin subcontratar os traballos e servizos obxecto deste contrato e a comunicar calquera modificación que se pretenda realizar para que esta sexa aprobada por escrito de común acordo polas partes.
4. O adxudicatario tamén se obriga a gardar secreto e facelo gardar ao persoal que empregue respecto de toda a información que con motivo do desenvolvemento dos traballos chegue ao seu coñecemento, non podendo utilizala para si ou para outra persoa, entidade ou firma.
5. O contratista está obrigado ao cumprimento de toda a lexislación vixente especialmente en todo o previsto en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social, de seguridade e hixiene no traballo u outras que lle sexan de aplicación.
6. Serán por conta o adxudicatario todos os gastos e impostos. Estes gastos comprenderán, en concreto os de formalización do contrato, en supostos de elevación a escritura pública; así como cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan en orde a execución do contrato.

CLÁUSULA 16ª. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Será preceptiva a formalización escrita dun contrato mediante documento privado no prazo de tres días hábiles a partir da notificación da adxudicación. Non obstante poderá elevarse a escritura pública cando solicite o contratista.

O contrato terá por obxecto regular os dereitos e obrigas que han de corresponder á Cámara de Comercio de Santiago e á empresa contratada.

CLÁUSULA 17ª. PRAZO DE EXECUCIÓN

A data de comezo dos servizos será a do día seguinte á da firma do documento de formalización do contrato.

O prazo de execución do estudo rematará o 26 de decembro de 2009.

CLÁUSULA 18ª. CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizara, de acordo cos seus termos e a satisfacción da Cámara de Comercio de Santiago, cada un dos servizos que se acorden.

A liquidación e pago ao adxudicatario realizarase unha vez xustificadas os servizos obxecto deste prego.

CLÁUSULA 19ª. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

O adxudicatario obrígase ao cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e, en particular ao disposto no artigo 12 do dito texto legal, e do R.D. 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da devandita Lei.

Tamén comprométese a manter durante a vixencia do contrato e tras a súa finalización, o secreto e a confidencialidade de cantos datos e informacións teña acceso en virtude dos servizos que lle son contratados, asumindo a dita responsabilidade ante a Cámara de Comercio de Santiago e respecto de todo o persoal que interveña nestes traballos.

CLÁUSULA 20ª. PROPIEDAD INTELECTUAL

Todos os dereitos de propiedade intelectual sobre as obras de todo tipo que resulten do contrato pertencerán á Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago en exclusiva para todo o mundo e polo tempo de duración legal dos dereitos, de conformidade co establecido no Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de propiedade intelectual.

A Cámara de Comercio será titular exclusivo dos produtos finais de todos os materiais realizados de todos os dereitos de uso, difusión e explotación destes.

En consecuencia, o adxudicatario absterase de comercializar, publicar, difundir ou comunicar de calquera forma, total ou parcialmente, o contido dos citados

materiais e traballos sen o consentimento previo expreso da Cámara. Así mesmo, deberá adoptar as medidas oportunas para asegurarse de que ningunha das persoas que ten ao seu cargo, así como ningún terceiro, poderá reclamar á Cámara ningún tipo de dereito sobre eles, comprometéndose a eximila de calquera responsabilidade por todas actuacións que poida realizar e sexan contrarias ao Real Decreto Lei 1/1996 e demais normativa sobre a materia.

O adxudicatario comprométese, ao extinguirse o contrato por calquera causa, a entregar á Cámara de Comercio de Santiago calquera material que, como consecuencia da prestación de servizos, obre no seu poder ou no do seu persoal.

CLÁUSULA 21ª. NORMAS APLICABLES

De conformidade co disposto no artigo 1.3. da Lei 3/1993, de 22 de marzo, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, a contratación e o réxime patrimonial das Cámaras rexerá polo Dereito privado.

ANEXO I. PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DUN PROVEDOR QUE EXECUTE O ESTUDO SOBRE AEROPORTOS GALEGOS – FOEXGA 2009

1. OBXECTO

O obxecto do presente procedemento convocado pola Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago é permitir a selección da empresa que prestará os servizos definidos no presente prego, segundo os termos recollidos no Prego de Cláusulas Particulares.

Dacordo co anterior, o presente Prego ten por obxecto definir os requirimentos técnicos mínimos das prestacións que o provedor contratado deberá poñer á disposición da Cámara.

2. DURACIÓN

O ritmo dos traballos deberá adaptarse á necesidade de executar o estudo antes do 26 de decembro de 2009.

3. ORZAMENTO

O orzamento máximo do contrato ascende a cantidade de 60.000 € incluído o imposto sobre o valor engadido.

4. OBXECTIVOS E TEMÁTICA ORIENTATIVA

Galicia ten unha situación periférica en España e en Europa. A calidade de vida dos seus habitantes, a apertura da súa economía, a internacionalización das súas empresas e o seu atractivo turístico dependen, en boa medida, da oferta aeroportuaria.

O funcionamento dos aeroportos de Alvedro, Lavacolla e Peinador traduciuse na imposibilidade de establecer unha oferta o suficientemente ampla para os usuarios e nunha baixa taxa de uso da capacidade da infraestrutura aeroportuaria existente que dificulta unha operación rentable das compañías aéreas e unha oferta atractiva (en frecuencias, tarifas, etc.) para o cidadán en xeral e o empresario en particular.

As áreas máis importantes de actividade empresarial e industrial necesitan estar ben comunicadas cos centros de negocios que constitúen un destino máis frecuente, e as características da demanda real de vós en cada unha das zonas de afección de cada aeroporto, así como as características das

infraestruturas aeroportuarias, permiten esbozar ámbitos de operación que, con frecuencia, presentan complementariedades.

O sistema aeroportuario galego debería xestionarse establecendo mecanismos de colaboración, optimizando recursos e ofrecendo un mellor servizo tanto aos cidadáns como á industria e ao comercio.

Hai que crear sinerxias para considerar Galicia un destino único e apostar por unha maior oferta aeroportuaria: “un aeroporto, tres terminais”. Deste xeito beneficiarase o destino Galicia dende o ámbito do empresariado e do turismo e os galegos gañarán mobilidade.

Indicadores:

- indicadores económicos (facturación empresarial e número de traballadores na área de influencia de cada aeroporto).
- indicadores poblacionais (poboación residente nun radio de .. kms de cada aeroporto e histórico de cota de mercado según número de pasaxeiros nos últimos anos).
- indicadores turísticos (histórico de turistas en cada destino nos últimos catro anos, número de turistas de cada destino y porcentaxe de turistas sobre total de pasaxeiros en cada aeroporto).

Ter en conta tamén (sen cálculo de indicadores), a comunidade emigrante.

Como público obxectivo xeral, tomarase tanto o público final, potencial turista, como o público profesional e empresarial.

a segmentación de públicos e canais.

PROPOSTAS

Promover a análise nos sectores industriais e mercantis e as súas organizacións interesadas no transporte aéreo, de cara a acadar neste medio de transporte a satisfacción das necesidades e expectativas da sociedade galega en xeral e dos axentes socioeconómicos en particular, co máximo grao de eficacia e o mínimo coste social.

Promover as actuacións que sexan necesarias para o fortalecemento da conectividade aérea, mediante o desenvolvemento dunha rede de vós internacionais e nacionais máis axeitada ás necesidades e ao potencial de Galicia.

ACTIVIDADES

1. Detectar oportunidades de apertura de novas rutas.
2. Incentivos que faciliten a posta en marcha das rutas aéreas consideradas como necesarias.
3. Promoción para a captación de novas rutas :
 - Presencia en feiras e eventos nacionais
 - Presencia en feiras e eventos internacionais
 - Visitas e reunións coas Direccións Xerais das compañías aéreas
 - Roldas de prensa, actos de inauguración de novas rutas, etc.
 - Fam trips (viaxes de familiarización) a Galicia para posibles compañías aéreas
 - Misións comerciais
 - Accións de promoción internacionais

5. VALORACIÓN DAS PROPOSTAS

Para realizar a valoración das ofertas presentadas, e conforme ao disposto na cláusula 13ª do Prego de Cláusulas particulares, teranse en conta, ademais do prezo, os seguintes criterios non económicos:

1.1	Especificacións técnicas e metodoloxía utilizada
	Valorarase a tipoloxía dos estudos que se realizarán e a metodoloxía e fontes de información que se irán utilizar para elaboralos.
1.2	Melloras propostas respecto dos mínimos establecidos no prego de prescricións técnicas
	Valorarase a proposta de melloras que se introduzan no traballo coa finalidade de incrementar a súa calidade.
1.3	Equipo humano destinado á execución
	Valorarase o persoal que intervirá na execución do traballo (o seu número, categorías e funcións).

1.4 Medios técnicos destinados á execución

Valoraranse os medios técnicos dos que se disporá para a execución dos traballos en función do seu número, tipo, calidade e adecuación.

6. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA QUE CÓMPRE PRESENTAR

Con independencia de que poida achegarse toda a información que se estime de interese, e de que a estrutura da oferta sexa a que o ofertante considere máis adecuada, as propostas deberán comprender polo menos os seguintes elementos dun modo expreso:

7. EQUIPO DE TRABAJO

Os licitadores deberán propoñer un equipo de traballo formado por un director e cantos consultores e persoal de apoio estime necesarios para que o proxecto se poida cumprir nos seus obxectivos e nas datas programadas. Nos termos expresados no Prego de cláusulas particulares, o licitador deberá demostrar que o equipo de traballo asignado reúne os requisitos mínimos de solvencia técnica esixidos. O equipo de traballo estará composto polas mesmas persoas durante a duración do contrato, agás circunstancias excepcionais que así se determinen e que motiven a substitución dalgún dos seus compoñentes.

8. CONTROL E SUPERVISIÓN

Para a supervisión da marcha da campaña a Cámara de Comercio de Santiago —que poderá establecer as instrucións e orientacións que estime pertinentes para a correcta realización do obxecto do contrato— convocará cantas reunións de seguimento sexan necesarias para o seu correcto desenvolvemento.

ANEXO II. MODELO DE PRESENTACIÓN DE OFERTA

Don/Dña., con DNI. núm.
..... maior de idade, en nome e representación de
....., con CIF núm. e
domicilio en, na súa calidade de
.....

Declara que é coñecedor/a dos Pregos que han de rexer a contratación dun provedor que execute o estudo sobre aeroportos galegos FOEXGA 2009 (Exp. COCINCOMPOSTELA-01-2009), segundo procedemento aprobado pola Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago, e que acepta integramente o seu contido.

Así mesmo, presenta a documentación esixida polos Pregos en dous sobre cuxo contido é o seguinte:

- SOBRE 1: DOCUMENTACIÓN XERAL
(Índice do Sobre 1)

- SOBRE 2: PROPOSTA TÉCNICA E PROPOSTA ECONÓMICA
(Índice do Sobre 2)

e solicita que se teña por presentada a devandita documentación e por recoñecida a condición de participante neste proceso de selección a (el mesmo / a sociedade)

En, a de de

(Firma e rúbrica)

DATOS DE CONTACTO

Teléfono: Fax:
Enderezo:
Enderezo electrónico:

ANEXO III. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

Don/Dña., con DNI. núm.
..... maior de idade, en nome e representación de
....., con CIF núm. e
domicilio en, na súa calidade de
.....

Declara que é coñecedor/a dos Pregos que han de rexer a contratación dun provedor que execute o estudo sobre aeroportos galegos FOEXGA 2009 (Exp. COCINCOMPOSELA-01-2009), segundo procedemento aprobado pola Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago, que acepta integramente o seu contido e que se compromete a prestar os servizos obxecto do procedemento de contratación, polo prezo global, IVE incluído que se indica a continuación:

PREZO GLOBAL: euros (IVE incluído)

En, a de de

(Firma e rúbrica)

DATOS DE CONTACTO

Teléfono: Fax:
Enderezo:
Enderezo electrónico:

